

T.E.



www.galicia.ccoo.es/ensino/

No DOG de mañá, día 5 de maio, publícase a resolución 22/2004, pola que se abre o prazo para solicitar o percepción das retribucións adicionais dos complementos de recoñecemento ó labor docente e de recoñecemento ó labor investigador.

O periodo de solicitudes será de 30 días.

A Axencia Galega de Avaliación da Calidade, nesta resolución publica como anexos os modelos de solicitude.

Os requisitos para poder optar á percepción destes complementos, están establecidos no artigo 6º, do Decreto 55/2004 (DOG 22 de marzo):

1) Complemento de recoñecemento ó labor docente.

1. Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia.
2. Que a súa praza sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.
3. Acreditar, polo menos, un ano de servicio na súa praza.
4. Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.
5. Tomarase en consideración unha memoria de autoavaliación presentada polo solicitante.

2) Complemento de recoñecemento ó labor investigador:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia.
2. Que a súa praza sexa fixa e estable con carácter permanente, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.
3. Acreditar, polo menos, un ano de servicio na súa praza.
4. Ter presentado na universidade un traballo de investigación que, sendo xulgado por un tribunal avaliador, lle teña outorgado o grao de doutor.
5. Tomarase en consideración unha memoria de autoavaliación presentada polo solicitante en que se fagan consta-los seus méritos investigadores.

Complementos de recoñecemento do labor docente e investigador